



Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962) asina o poema da contraportada do número tres de Revista das Letras e, desde aí, o seu nome aparece peneirado en distintas etapas do suplemento, incluíndo traduccions. Poeta encadrado na denominada xeración dos oitenta, a súa obra discorre por roteiros de esculca intertextual que chegaria ó seu cimo en 'A experiencia inglesa'. Desde 1982, publica libros como 'Perdendo o tempo que fuxo como Xoán Sebastián Bach' ou 'Seixo de desfacer entre os dedos' (1985), mostras dun estilo obsesivo por captar a través da forma a esencia da literatura e da verdade.

## Paulino Vázquez Poetry, 1929

Reflexado desde o fondo dun espello enmarcado en rica profusión de coralinas, acomodado con vellos damascos e interiores de cretona pálido o seu destello como a poeira que se asenta na quietude [...] dun velador  
repasa a oca redondez do seu pulido cráneo  
escrutando os vacíos do tempo (susceptible de reanudar  
as súas mascaradas, a cita puntual para ingravida hora do té á luz [...] da lámpada  
con unha lánguida conversación acerca da morte

A delgada figura que envolve unha luz mortecina  
entregada aos devaneos do tempo pasado  
abrumada por soportar o real  
fráxil como unha delicada figura de porcelana sobre a poudreuse  
(sen embargo, hábil para recoller as súas ganacias!)  
lento como unha marsopa, revela na súa voz inflexións [...] dun francés demótico  
restregá os dedos e inclínase  
ante alguém que ofrece primulas, un Webster moi posuído da morte  
amparado en Beladona, a cartomántica  
(Aí está el; un vello en espera dun mes seco)

incómodo nunha especie Whipsnade, colgado do colo de Sweeney  
ollando con desvío unha época de virtude moderada  
(chamada 'des-entre-deux-guérres', sen embargo tan diversa)  
con rasgos de corte clérical e un chapeu de baranda  
invitando a xóvenes postuloso con certos ademáns andróxenos [...] e un sorriso acoller  
desesperadamente perverso, conserva uns fragmentos de vida entre os dedos  
(uns chasquidos nerviosos, acaso lle devolven a noción do tempo)  
e dormita meditando que supera as súas crises nerviosas [...] con os honorarios que recebe do Lloyd's